





Prego de prescricións técnicas para redacción
de proxecto e dirección de obra “Edificio
Institucional e de I+D da Universidade de Vigo
no Casco Vello”. Exp: 314/16

A handwritten signature in blue ink, consisting of stylized, overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Índice

1. Resume e xustificación da proposta.....	4
Obxectivos	4
2. Obxecto do contrato.....	4
3. Descrición do edificio	4
3.1 Criterios xerais.....	4
3.2 Programa de necesidades	5
3.3 Sostibilidade	7
3.4 Flexibilidade.....	8
3.5 Situación	8
3.6 Reportaxe fotográfico	9
4. Orzamento.....	11
4.1 Orzamento estimado por ratios	11
5. Condicións do concurso.....	11
5.1 Documentación técnica a presentar	11
5.2 Criterios de valoración do concurso.....	12
6. Orzamento do contrato e forma de pago	13
6.1 Honorarios.....	13
6.2 Forma de pago.....	14
6.3 Prazos do contrato	14
6.4 Outros premios.....	14
7. Descrición dos traballos a realizar pola contrata.....	14
7.1 Desenvolvemento das relación coa Universidade.	14
7.2 Redacción do proxecto.....	15
7.3 Dirección arquitecto/a.	15
7.3.1 Documentación a formular no tempo de iniciarse as obras:	15
7.3.2 Operación a realizar para a dirección de obras e instalacións:.....	15
7.3.3 Documentación a establecer, sistematicamente, todos os meses:	16
7.3.4 Documentación a formular durante o curso da obra:.....	16
7.3.5 Documentación a establecer na fase de terminación:.....	16

7.3.6 Obrigas durante a execución.....	16
8. Información adicional	17
8.1 Condicións das Instalacións.....	17
8.2 Condicións das Instalacións de infraestruturas de telecomunicacións.....	17
8.3 Condicións para a redacción e entrega de proxectos	17
8.4 Información Urbanística	17
8.5 Estudo xeotécnico	17



1. Resume e xustificación da proposta

OBXECTIVOS

A Universidade de Vigo pretende implantar unha sede institucional para impulsar a súa presenza na cidade de Vigo.

A localización na Praza do Berbés supón una confluencia de intereses da Universidade e da Cidade, aportando a presenza da Universidade na mesma unha revitalización e dinamización da zona

Búscase que o edificio teña un uso intensivo, creando espazos polivalentes que poidan atender a actividades diversas: Actos institucionais, organización de cursos ou seminarios, exposicións, atención ao alumnado, conferencias, espazos de coworking...

Contémplase tamén a creación dun espazo para que o Centro de Linguas poida aumentara a súa oferta de cursos de idiomas, e estender a oferta formativa ao ámbito da cidade

A localización da Universidade de Vigo nun campus afastado da cidade supón un hándicap na creación de sinerxias co tecido empresarial e a capacidade de xerar investigación e innovación asociándose con este. O edificio obxecto do concurso ten como obxecto paliar esta carencia e establecer un centro de referencia na I+D en pleno centro da cidade.

2. Obxecto do contrato

O obxecto desta licitación de servizos, é a selección do anteproxecto máis axcitado para a construción do “Edificio Institucional e de I+D da Universidade de Vigo no Casco Vello”. Este anteproxecto deberá sentar as bases para a redacción posterior do Proxecto básico e de execución.

O gañador o concurso firmará un contrato de servizo para a “Redacción do proxecto básico e de execución e Dirección de Obra de Edificio Institucional e de I+D da Universidade de Vigo no Casco Vello”

O alcance e contido do proxecto axustarase ao establecido no apartado 7 deste prego

3. Descrición do edificio

3.1 CRITERIOS XERAIS

O edificio Institucional da Universidade de Vigo debe dar soporte físico a diferentes espazos que permitan varios usos.

Nestes espazos buscarase a polivalencia e versatilidade que permita o máximo aproveitamento dos mesmos e faga visible a presenza da Universidade na cidade.

Valorarase especialmente un deseño que faga posible diferentes usos simultáneos no edificio, e a versatilidade dos espazos.

3.2 PROGRAMA DE NECESIDADES

O deseño do edificio deberá atender as necesidades que xera a construción dun edificio representativo destas características. Deberase ter en conta a compatibilidade co planeamento vixente e a normativa de aplicación.

Os espazos deberán contar con luz natural e ventilación suficientes que xeren un ambiente que facilite el desenvolvemento do traballo en condicións óptimas. As solucións arquitectónicas deberán ofrecer en primeiro lugar un grao axeitado de confort térmico e en segundo lugar responder a criterios de sustentabilidade, adoptando solucións que tanto durante a construción, como durante a vida útil do edificio aseguren un consumo de enerxía e un nivel de emisións de CO2 case nulos ou cero, debendo xustificarse tanto a eficacia como a eficiencia das solucións propostas.

As instalacións terán que adoptar solucións que aseguren a súa fiabilidade e permitan un mantemento axeitado. Para iso destinarase un espazo exclusivo para a súa localización, as *áreas técnicas*, que permitan salvagardar as necesidades das mesmas e non recluílas a espazos intersticiais que comprometan as súas prestacións e funcionamento.

Todo isto debe materializarse en los seguintes espazos:

SEDE INSTITUCIONAL.

Espazo representativo para as actividades institucionais do reitor.

- Espazo secretaría.
- Reitoría: Despacho reitor, espazo para recepción institucional.
- Sala de reunións.

ORGANIZACIÓN DE CURSOS, SEMINARIOS, TRANSFERENCIA, MESTRADOS.

Espazos para aulas, traballo en grupo, teledocencia, reunións... Deben posibilitar diferentes configuracións.

Estimación de uso preferente: tardes e fins de semana.

Pódese compatibilizar o uso destes espazos cos de I+D e coworking ou co centro de linguas, motivando a proposta.

- 4 espazos

ESPAZO POLIVALENTE.

Habrá que ter en conta as implicacións que poida ter a adaptación do espazo aos diferentes usos, e prever os espazos de almacenaxe, ou as solucións técnicas de acondicionamento.

- Espazo polivalente de difusión científica con capacidade para impartir cursos, seminarios, exposicións, proxeccións, exposicións, videoconferencia avanzada...



ATENCIÓN AO ALUMNADO

Espazo con dous postos de traballo e 3 postos de automatrícula.

Esta oficina atenderá ao público en horario de mañá de luns a venres.

- Oficina de atención e información ao alumnado

ESPACIOS DE I+D COWORKING

Espazo de traballo en grupo, con espazo para reunións.

Pódese compatibilizar o uso destes espazos cos de organización de cursos ou co centro de linguas, motivando a proposta.

- Zonas flexibles de reunión e coworking que faciliten a I+D e o intercambio e as sinerxias co ámbito empresarial

CENTRO DE LINGUAS

Espazos para aulas e traballo en grupo. Deben posibilitar diferentes configuracións.

Despacho para soporte administrativo con 2 postos de traballo.

Estimación de uso preferente: mañás (1 aula), e tardes (4 aulas) de luns a venres.

Pódese compatibilizar o uso destes espazos cos de I+D e coworking ou co de organización de cursos, motivando a proposta.

- Espazos para a impartición de cursos de idiomas e exames.
- Soporte administrativo

TENDA

- Venda de merchandising da Universidade

O edificio contará tamén cos espazos de servizo que sexan necesarios (recepción, circulación, aseos, instalacións...)

A ficha do plan especial de reforma interior do Casco Vello permite una superficie construída de 629, 635 y 239 m², en cada solar, o que da una superficie máxima total do edificio a construír de 1.503 m² repartidos nunha planta baixa, e dúas ou tres plantas sobre rasante.

As propostas poderán aumentar o diminuír motivadamente as superficies previstas para cada espazo, sempre que se dea cabida en elas ao programa de necesidades e non se supere o orzamento de execución material previsto.



PROGRAMA DE NECESIDADES

	M2
SEDE INSTITUCIONAL	
secretaría	20,00
despacho / recepción institucional	30,00
sala de reunións	40,00
CURSOS, SEMINARIOS, TRANSFERENCIA	
aulas / espazos de traballo (4x50)	200,00
ESPAZO POLIVALENTE	
congresos, exposicións, proxeccións...	300,00
ATENCIÓN ALUMNADO	
2 postos traballo + automatrícula	30,00
ESPAZOS I+D E COWORKING	
zonas flexibles de traballo e reunión	200,00
CENTRO DE LINGUAS	
aulas (4x50)	200,00
soporte administrativo	25,00
TENDA	
venda merchandising	40,00

Estas superficies son aproximadas. Non están incluídas as superficies de circulacións e espazos de servizo (aseos, almacéns, instalacións).

Os anteproxectos deberán xustificar a distribución de espazos proposta e a súa adecuación ás necesidades do edificio. Se se prevé que algún espazo se destine a varios usos, deberá xustificarse a adecuación a estes e a compatibilidade dos mesmos.

3.3 SOSTIBILIDADE

A universidade, sendo a entidade docente e investigadora por excelencia, é o principal axente de cambio que debe proporcionar respostas aos problemas da sociedade. Así mesmo como institución debe comprometerse e asumir a súa responsabilidade no fomento e na implantación de iniciativas sostíbeis.

Así pois, o deseño do edificio deberá recoller estratexias de deseño, construción e mantemento encamiñadas á sostibilidade (a optimización do rendemento enerxético, a eficiencia no uso da auga, a redución das emisións de CO₂, e o incremento da calidade do ambiente interior, o emprego sostíbeis dos recursos e a sensibilización ante o impacto producido no medioambiente, entre outras). Este esforzo de deseño debese encamiñar á execución dun edificio de “consumo enerxético case nulo” que poida ser acreditado mediante a obtención duna certificación internacionalmente recoñecida que verifique, avalíe e valide, mediante a revisión por parte dunha entidade independente as características do edificio.

Esta acreditación, que poderá ser Brecam, Leed o similar, permitirá ademais acreditar beneficios a longo prazo no ciclo de vida do edificio, un mellor rendemento enerxético e económico e o consecuente benestar ambiental para o seu persoal e o resto de usuarios/as do inmovible.

Nesta fase valorarase positivamente a realización dunha análise da viabilidade da consecución da certificación e a clasificación que se propón alcanzar. Esta análise terá un importante impacto no deseño inicial do edificio e determina o desenvolvemento das seguintes fases para obter a certificación.


3.4 FLEXIBILIDADE

Neste edificio, o obxectivo fundamental é visibilizar a presenza de Universidade na cidade. Para iso é preciso conseguir un uso intensivo do edificio en diferentes franxas horarias e o máximo número de días.

Para acadar esta actividade, o edificio debe permitir un uso flexible dos espazos, adaptándose de maneira sinxela a diferentes usos. O edificio debe permitir o uso independente dos seus espazos para a celebración de diferentes actividades

3.5 SITUACIÓN

O edificio situarase nos inmobles da praza do Berbés nº11, 13 y 15 de Vigo.





3.6 REPORTAXE FOTOGRÁFICO





4. Orzamento

4.1 ORZAMENTO ESTIMADO POR RATTOS

Para o cálculo do orzamento do edificio tómasse como referencia a superficie edificable do solar, e un prezo por metro cadrado construído. Este prezo calcúlase en base á tipoloxía do edificio, o uso e o tipo de obra, tendo en conta os prezos de mercado e datos de construcións similares.

EDIFICIO INSTITUCIONAL CASCO VELLO

	M2	RATIO (€/M2)	TOTAL
Ribeira Berbés 11	239,05	971	232.111,24 €
Ribeira Berbés 13	635,83	971	617.374,15 €
Ribeira Berbés 15	629,82	971	611.538,60 €
TOTAL	1.504,70		1.461.024,00 €
PEM	1.461.024,00 €		
13%GG	189.933,12 €		
6% BI	87.661,44 €		
GG+BI	277.594,56 €		
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (sen IVE)	1.738.618,56 €		
21% IVA	365.109,90 €		
TOTAL ORZAMENTO DE CONTRATA	2.103.728,46 €		

O proxecto poderá variar o desglose de capítulos, pero en ningún caso poderá aumentar o presuposto total do edificio. As propostas con un orzamento superior ao deste prego serán excluídas do procedemento.

5. Condicións do concurso


5.1 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A PRESENTAR

A documentación a presentar será a necesaria para a comprensión da proposta e estará composta como mínimo polo contido dun documento a nivel de anteproxecto e constará dos seguintes documentos:

- Memoria xustificativa das solucións de tipo xeral adoptadas.
- Planos de plantas, alzados e seccións a escala, sen acotar.
- Avance do orzamento con estimación global, polo método que se considere axitado e onde se xustifique a adaptación da solución proposta ao presuposto previsto.

Ademais desta documentación, poderá presentarse calquera outro tipo de información gráfica que o/a participante considere imprescindible para o coñecemento e valoración da proposta presentada e especialmente aquela que permita valorar a proposta conforme aos criterios de valoración.

11/17



A documentación gráfica, planos de plantas, alzados, seccións e calquera outra que o concursante decidise incorporar deberá presentarse en formato A1 e nun máximo de tres paneis; o resto da documentación, memoria xustificativa e avance de orzamento, deberá presentarse en formato A4 e debidamente encadernada.

Adicionalmente presentarse copia en CD da documentación presentada. En caso de discrepancia entre o documento en papel e o CD prevalecerá a do primeiro.

5.2 CRITERIOS DE VALORACIÓN DO CONCURSO.

CALIDADE ARQUITECTÓNICA (30 puntos)

A calidade arquitectónica do proxecto leva a un edificio que se adecúa mellor aos usos previstos e que reflexa mellor a súa función representativa e institucional.

Valorarase a calidade arquitectónica intrínseca da proposta, e en particular:

- A innovación e tratamento da linguaxe formal que presente. (8p)
- A calidade volumétrica e compositiva do edificio, a súa funcionalidade e adaptabilidade en canto a forma e programa. (8p)
- Unha adecuada organización do edificio en xeral. (7p)
- A adaptación ao programa de necesidades expresado no apartado 3. (7p)

FLEXIBILIDADE E POLIVALENCIA (20 puntos)

Un edificio que teña espazos flexibles e que podan cambiar de uso de maneira sinxela permite un uso máis versátil do edificio e un menor custo en reformas durante a súa vida útil.

Valorarase a polivalencia e versatilidade do edificio, en particular:


- Flexibilidade que permita adaptar os espazos ás necesidades cambiantes que poidan xurdir. A proposta debe permitir que as modificacións e redistribucións dos espazos se poidan realizar coa maior facilidade e o menor custo. (10p)
- Creatividade e racionalidade da proposta de usos alternativos que potencien as actividades do edificio e o uso intensivo do mesmo. (10p)

SUSTENTABILIDADE (20 puntos)

A sustentabilidade, ademais de ser unha obriga das institucións públicas, ten como resultado un aforro económico en consumos enerxéticos.

Valorarase expresamente o carácter global da proposta en canto ás súas premisas de desenvolvemento sustentable. En particular analizarase a proposta nos seguintes termos:

- Medidas pasivas e activas de aforro enerxético (5p)
- Eficiencia enerxética dos sistemas de climatización ou refrixeración e calefacción. (5p)
- Emprego de sistemas construtivos e materiais co menor impacto ambiental. (5p)



- Análise da viabilidade da obtención do certificado de construción sustentable e clasificación estimada. (5p)

ORZAMENTO DO EDIFICIO (10 puntos)

A adecuación do presuposto ao deseño arquitectónico garante un proxecto de maior calidade, e con menos problemas de xestión na fase de construción.

Valorarase o grao de detalle da xustificación do orzamento previsto. A súa coherencia coa proposta arquitectónica e as instalacións previstas.

SISTEMA CONSTRUTIVO (10 puntos)

Un sistema construtivo axeitado garante o adecuado funcionamento do edificio durante a súa vida útil.

Valorarase a adecuación do sistema construtivo proposto ás necesidades do edificio e que garanta unha axeitada estanquidade, illamento, confort.

OFERTA ECONÓMICA (10 puntos)

Valorarase seguindo a fórmula:

$$\text{Puntuación} = 10 * [(IL-OV) / (IL-OME)]$$

Onde:

IL: Importe de Licitación (Honorarios totais para Redacción de proxecto básico e de execución, Dirección de obra e Documentación final)

OV: Oferta a valorar

OME: Oferta máis económica

6. Orzamento do contrato e forma de pago

6.1 HONORARIOS

O importe total del contrato se estima inicialmente en 124.630,00€ (engadido IVA) desglosado do seguinte xeito:

HONORARIOS	sen IVA	con IVA
Proxecto básico	35.000,00 €	42.350,00 €
Proxecto de execución	30.000,00 €	36.300,00 €
Dirección de obra	30.000,00 €	36.300,00 €
Documentación final	8.000,00 €	9.680,00 €
TOTAL	103.000,00 €	124.630,00 €

Estes honorarios actualizaranse segundo a oferta presentada.

6.2 FORMA DE PAGO

Os honorarios abonaranse do seguinte xeito:

Proxecto básico Á supervisión favorable do mesmo (descontando o abonado en concepto de primeiro premio).

Proxecto de execución 100% á supervisión favorable do mesmo.

Dirección: Mensualmente en porcentaxe igual á obra certificada nese mes.

Documentación final: 100% á obtención de la licenza de ocupación.

6.3 PRAZOS DO CONTRATO

Proxecto básico 1 mes dende a firma do contrato

Proxecto de execución 3 meses dende a firma do contrato

Dirección: segundo a duración de a obra

Documentación final 1 mes dende a recepción da obra

6.4 OUTROS PREMIOS

Co obxecto de promover a participación, concederanse 3 premios ás ofertas mellor valoradas.

- Primeiro premio de 10.000€ (a deducir dos honorarios)
- Segundo premio de 5.000€
- Terceiro premio de 2.000€

7. Descrición dos traballos a realizar pola contrata

7.1 DESENVOLVEMENTO DAS RELACIÓN COA UNIVERSIDADE.

Durante a realización dos traballos, todas as relacións directas coa Universidade desenvolveranse unicamente a través do Departamento de Obras, Instalacións e Infraestructuras, seguindo e acatando, en todo momento, as indicacións que reciba do mesmo, respecto da execución do contrato, sen prexuízo das competencias do órgano de contratación.



14/17

7.2 REDACCIÓN DO PROXECTO.

Na redacción do proxecto, estarase ao disposto no art 10 da Lei 39/1999 de 5 de novembro de Ordenación da edificación e no artigo 123 do TRLCSP (RDL 3/2011, do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.)

O prazo para a redacción do proxecto será de 1 mes para o proxecto básico e 3 meses para o proxecto de execución dende a firma do contrato.

Estableceranse reunións periódicas co Departamento de Obras para informar da evolución do proxecto.

Entregaranse 5 copias en formato papel, mais dous CD co proxecto completo en pdf, mais a versión editables de todos os documentos (dwg, doc, xls, bc3...)

O orzamento de licitación do proxecto non poderá superar os 1.738.618,56€ (incluídos gastos xerais a 13%, beneficio industrial ao 6% e excluído IVE) como se detalla no apartado 5.1 do prego.

7.3 DIRECCIÓN ARQUITECTO/A.

Na dirección da obra, estarase ao disposto no art. 12 da Lei 39/1999 de 5 de novembro de Ordenación da edificación

As funcións son as propias dun arquitecto/a dentro das facultades e competencias que lle corresponden na dirección de obras, de acordo co proxecto aprobado. En particular correspóndelle:

7.3.1 Documentación a formular no tempo de iniciarse as obras:

Preparación e coordinación cos demais técnicos/as da dirección facultativa dos datos precisos para a reunión co contratista de obras, previa ao seu inicio

Velar por que as obras se inicien e desenvolvan nos prazos contractuais.

Subscribir de conformidade cos demais membros da dirección facultativa a acta de comprobación de replaneo.

Aperturar o libro de ordes-asistencias e efectuar as anotacións precisas que correspondan para resolver as continxencias que se produzan na obra e para a correcta interpretación do proxecto.

7.3.2 Operación a realizar para a dirección de obras e instalacións:

Control e inspección dos procesos de execución das distintas unidades de obra "in situ"

Comprobación e rexistro das partes de obra que teñan que quedar ocultas.



7.3.3 Documentación a establecer, sistematicamente, todos os meses:

Comprobar e subscribir de conformidade cos demais codirectores/as certificación da relación valorada das obras executadas no mes coa acreditación de abonos a conta e anticipos posibles. As certificacións débense tramitar dentro dos dez (10) días seguintes a cada mensuralidade.

Verificar nas certificacións especialmente o cumprimento dos requisitos legais establecidos en materia de contratación administrativa, os seus cálculos aritméticos, medicións, etc.

7.3.4 Documentación a formular durante o curso da obra:

Informes inmediatos e continuos sobre as posibles anomalías e mensuais sobre o estado de execución da obra.

Cumprimento e formalización de todas as demais relacións contractuais que se deduzan do contrato.

7.3.5 Documentación a establecer na fase de terminación:

Comprobación de datos, medicións, toma de datos, valoración e todo o necesario para a certificación final, recepción e liquidación da obra.

Emisión de oficio do informe ao que se refire o artº. 235 do TRLCSP (RDL 3/2011, do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.)

Documentación final a presentar ao remate da obra: memoria, planos e medicións do realmente executado; recollerase especialmente a solución definitiva da cimentación, localización das instalacións enterradas ou empotradas, representados en planos de planta; libro ou manual de uso e mantemento e libro de ordes/asistencias, así como calquera outra documentación complementaria que en relación coa execución da obra lle sexa requirida pola Universidade.

Entregarase 2 copias en formato papel, mais un CD coa documentación completa en pdf, mais a versión editable de todos os documentos (dwg, doc, xls...)

7.3.6 Obrigas durante a execución

Verificar o cumprimento do establecido na Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción efectuando, cando proceda, as aprobacións de subcontratacións dando coñecemento á Universidade de Vigo.

Asegurar e responsabilizarse no ámbito das súas competencias do cumprimento do disposto no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, (CTE).

Elaboración da documentación regulamentariamente esixida (documentación obrigatoria do seguimento da obra, documentación do control da obra e certificado final de obra) co contido e a extensión sinalada no Anexo II de dito CTE e a súa entrega á Universidade.

Levar a cabo o control de recepción en obra dos produtos, equipos e sistemas que se subministren ás obras, o control da execución de obra e o control da obra terminada de acordo coas condicións fixadas no CTE.

16/17 

Calquera outra tarefa propia das funcións correspondentes ao obxecto deste contrato que estea establecida na normativa aplicable. Neste senso, as funcións que leve a cabo deberán efectuarse axustándose estritamente ao disposto na normativa de contratación administrativa en especial a relativa á execución dos contratos de obras.

8. Información adicional

8.1 CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS

No Anexo I recóllense as condicións mínimas de calidade dos proxectos de instalacións para os edificios de la Universidade de Vigo.

8.2 CONDICIÓN DAS INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS

No Anexo II recóllense as condicións mínimas de calidade dos proxectos de instalacións de infraestruturas de comunicacións para os edificios da Universidade de Vigo.

8.3 CONDICIÓN PARA A REDACCIÓN E ENTREGA DE PROXECTOS

No Anexo III recóllense as condicións para a redacción e entrega que deben reunir os proxectos para a Universidade de Vigo

8.4 INFORMACIÓN URBANÍSTICA


No Anexo IV recóllese a información urbanística máis relevante.

8.5 ESTUDO XEOTÉCNICO

A Universidade aporta na documentación do concurso, un avance estimativo sobre o estudo xeotécnico para posibilitar o estudo do sistema de cimentación axeitado.

O adxudicatario deberá actualizar a súa costa o mesmo, adecuándoo ás características do seu proxecto e asumindo a responsabilidade do mesmo.

Vigo 22 de abril do 2016


Héctor Álvarez Arias

Director técnico de obras,
instalacións e infraestruturas

